
WIKIPEDIA

Lingua saami de Kildin

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua saami de Kildin** (*Kiillt saam' kiill* ou *Кӣллт са̄мь кӣлл* en cirílico) é unha lingua urálica falada polo pobo saami na península de Kola, en Rusia. A área coa maior concentración de falantes atópase arredor de Lovozero. Trátase da lingua saami oriental con maior número de falantes, mais o seu futuro non está asegurado porque o número de persoas que a utilizan de xeito activo é moi reducido. Así e todo conta coa súa propia tradición literaria, salientando a autora Aleksandra Andreevna Antonova. As linguas saamis máis relacionadas co saami de Kildin son o saami de Ter e o saami de Akkala, esta última xa extinta.

Lingua saami de Kildin *Кӣллт са̄мь кӣлл (Kiillt saam' kiill)*	
Falado en:	Rusia
Rexións:	Península de Kola, Laponia
Total de falantes:	c. 500 (segundo o censo de 2010)[1]
Familia:	Linguas urálicas Linguas saamis Linguas saamis orientais **Lingua saami de Kildin**
Escrita:	Cirílico
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	sjd (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=sjd)



A lingua saami de Kildin é a número 8.

Notas

1. Informe do Ethnologue para o saami de Kildin (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=sjd)

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Listaxe de vocabulario de saami de Kildin (https://web.archive.org/web/20120107040451/http://wold.livingsources.org/vocabulary/14)



Vexa a proba da Wikipedia en ***Lingua saami de Kildin (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/sjd)***